

PESCANOVA: UN PASO ATRÁS



MONCHA FUENTES
Secretaría da Muller da CXTG-IN



No anterior número de *Andaina* un estupendo artigo asinado por Pilar López e cuxo título eu teño hoxe –lamentablemente– que parafrasear, enchíanos a tódalas sindicalistas dun certo optimismo porque parecía indubidable que a sentenza do Tribunal Constitucional a favor de cento trinta e cinco traballadores do Hospital Gregorio Marañón de Madrid ía sentar precedentes xurídicos en aspectos de discriminación salarial por razón de sexo.

¡Ouh, inxenuidade! A penas tres meses despois, o xuíz do Social nº 4 de

mente serio, porque a realidade é que en Pescanova hai trescentas mulleres que cobran salarios inferiores ós dous seus compañeiros varóns, mesmo por realizar un traballo «idéntico». Quero dicir que en Pescanova (quen o ía pensar: unha empresa modelo «líder-en-el-sector»-progresista-galeguista-europeísta), as mulleres traballadoras non só padecen discriminación indirecta senón tamén, directa, directísima. Vexamos:

Tradicionalmente, na empresa Pescanova de Vigo, as mulleres (operarias) traballaban, e traballan, nas liñas de

producción: tora-lo peixe, cociñalo, empaquetalo..., mentres que os homes (mozos) realizaban traballos de carga e descarga de camións, limpeza de tubos, etc. Esta diferenza de funcións – como é desgraciadamente habitual no noso País – conleva unha diferenza salarial a favor dos homes que xira arredor dunhas


10.000 pts. mensuais. O mais abraiante é que desde hai dous anos os mozos pasaron a traballar coas operarias nas liñas de produción sen que iso modifícase un ápice a diferenza salarial.

Pois ben, para o señor xuíz do Social nº 4 de Vigo, D. Manuel Domínguez López non existe discriminación sala-

rial de ningún tipo. Polo que se refire á discriminación indirecta, este señor descoñece que cando a OIT fala de «igual salario para traballo de igual valor» especifica que non se trata de realizar o «mesmo» traballo, senón un traballo equivalente, e descoñece tamén a sentenza do Tribunal Constitucional que fai unha referencia clara á existencia de discriminación en canto se da máis valor a cualidades predominantemente masculinas (esfuerzo físico) fronte a outro tipo de características. Pois este señor, digo, nunha sentenza digna de figurar nalgún museo dos espantos, afirma que non hai tal discriminación e que se trata de traballos distintos xa que no dos mozos predomina a forza física e é gravoso, mentres que o das operarias é menos esixente fisicamente (¿serao intelctualmente?), e polo tanto é menos gravoso. Así, literalmente. Creo que calquer comentario deturparía un razoamento tan maxistral.

Polo que se refire á discriminación directa, o xuíz é contundente e con esa clarividencia que *Natura* lle outorgou, manifesta que tampouco existe tal, porque a pesares de estar acreditado que hai mozos traballando coas mulleres nas liñas de produción, trátase de algo provisional –¡Dous anos!– e non permanentemente.

Non vou negar que, aínda sendo consciente de que a loita xurídica debe continuar e a sentenza estea recorrida nestes intres no Tribunal Superior de Galicia na Coruña, un sentimento confuso, de raiba e impotencia, invádeme.



Vigo, D. Manuel Domínguez López dicta sentenza en contra das traballadoras da empresa Pescanova que tiñan establecida unha demanda, exactamente, polo mesmo motivo: discriminación salarial.

A verdade, é que este asunto resultaría grotesco se non fose tan dramática-